



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE TORDOIA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGÚN R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO.-

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000169

### ANTECEDENTES

Ante a situación extraordinaria polo brote do COVID-19 provocou unha crisis sanitaria de enorme magnitude que ten unhas consecuencias sanitarias e económicas para todos os cidadáns e familias o que esixe de medidas extraordinarias.

Nestas especiais circunstancias as administracións teñen un papel clave dentro das competencias propias para paliar e actuar sobre as consecuencias económicas e do emprego e para axudar e mitigar o impacto causado por este brote pandémico.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Aprobar as BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA PALIAR O EFECTO DO COVID-19 DESTINADA AOS AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A SÚA ACTIVIDADE SEGÚN O R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO que literalmente di como segue:

"BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA PALIAR O EFECTO DO COVID-19 DESTINADA AOS AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A SÚA ACTIVIDADE SEGÚN O R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO

#### 1. Obxecto da presente convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a de actuar de forma inmediata sobre as consecuencias do COVID-19 e impulsar a actividade económica do Concello de Tordoia, outorgando unha axuda para paliar as perdas económicas os autónomos/as afectadas pola suspensión da apertura ao público establecida no R.D. 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.

Pretendese pois establecer unha axuda ós establecementos pechados e minimizar o impacto da crise causada e axudar a unha reactivación económica do noso municipio, actuando sobre os colectivos e persoas físicas máis afectadas, como son os autónomos/as.

#### 2. Contía das axudas

Concederase unha contía de **400 euros** para persoas físicas autónomos/as de



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

calquera tipo que teñas unha actividade afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 463/2020 de 14 de marzo. establécese unha axuda por autónomo/a e negocio.

Estas axudas será compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais.

### 3. Requisitos

a) Que a actividade que se desenvolve o beneficiario se atope no termo de Tordoia e que estivese afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 463/2020 de 14 de marzo (o cumprimento será verificado pola administración municipal,( e poderase pedir documento acreditativo do mesmo).

b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia. Establécese unha axuda por actividade e autónomo/a.

c) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

d) O solicitante non poderá ter percibido a axuda aprobada e regulada na Resolución de Alcaldía 109/2020 ditada o 30 de abril de 2020 e publicada no BOP nº 67 do 8 de maio de 2020.

### 4. Prazo e forma de presentación de solicitudes.

1.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

2.- As solicitudes, que deberán dirixirse ao Concello poas seguintes vías:

a) por vía telemática a través da **Sede Electrónica** do Concello de Tordoia.

b) tendo en conta as circunstancias excepcionais do estado de alarma, y debido a natureza da actividade económica, tamén se poderá presentara solicitude mediante envío por correo electrónico (consignando nome e apelidos, número de documento de identidades e número de teléfono), achegando xunto a solicitude, a documentación solicitada dixitalizada (escaneada), ao enderezo de correo electrónico [correo@tordoia.gal](mailto:correo@tordoia.gal)

### 5. Documentación a achegar.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

#### **a. En caso de persoa física autónoma:**

a) DNI ou NIE.



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

- b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade, ou autorización para a súa comprobación.
- c) Xustificante de pago do último mes no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- d) Modelo designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

### **b. En caso de sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:**

- a) CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.
- c) Escritura/contrato de constitución da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- d) DNI/NIE e acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.
- e) Xustificante do RETA da persoa autónoma do último mes.
- f) Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

2.- Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

-Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD463/2020 de 14 de marzo.

-Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

-Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

-Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

-Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

-Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

### - 6. Instrucción do procedemento

1- Corresponderalle a Comisión creada para os efectos da convocatoria a instrucción, verificación aclaración de dudas que se presenten na aplicación das presentes bases.

2- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

### 7. Xustificación das axudas

Unha vez cumpridos os 6 meses da declaración do estado de alarma establecido no RD 463/2020, de 14 de marzo, o beneficiario deberá xustificar a subvención recibida con facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre o 01.03.2020 e o 30.09.2020, correspondentes aos seguintes gastos:

- Compra de existencias de mercadorías, neste caso pódense incluír gastos desde o 01.01.2020 ao 30.09.2020, gastos de:

- aluguer, reparacións e conservación,

- Servizos de profesionais, primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses),

- Subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade, seguridade social do traballador autónomo.

- No seu caso, dada a situación excepcional, admitiranse gastos de difícil xustificación de ata 500 € (gastos persoais, depreciación de gastos inventariables, etc.)

### 8. Obrigas dos solicitantes.

a) Manter a actividade económica durante 6 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao do peche da actividade establecido no RD 463/2020, de 14 de marzo.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

O prazo para presentar a xustificación será a do 30-11-2020.



## **CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)**

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

### **9. Reintegro das subvención.**

- 1.- O reintegro do importe percibido, cando non cumpra, rexerese polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.
- 2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

En particular, operarán a seguinte causa de reintegro:

- Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 6 meses establecidos na Base 10 da convocatoria, procederá ao reintegro da parte proporcional dos meses pendentes do cumprimento.
- 3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularan se os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

MODELO DE SOLICITUDE:

SOLICITUDE DE AXUDAS A ACTIVIDADE ECONÓMICA DOS AUTÓNOMOS, OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO NO R.D. 463/2020

1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI/NIE:

Apelidos e nome:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Actividade económica:

Epígrafe IAE:



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

Código CNAE:

Enderezo fiscal/actividade:

Representante/DNI:

Forma xurídica:

### 4.- AUTORIZACIÓNS

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Tordoia, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.  Si  Non.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Concello de Tordoia, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Tordoia que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Concello de Tordoia, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. En Concello de Tordoia tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Concello de Tordoia.

Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

### 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida pola empresa viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo.

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.

Que a persoa solicitante se encontra ao corrente das obrigas tributarias coa



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Administración Xeral da Seguridade Social.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata o transcurso do prazo de prescrición previsto nos art. 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, concordante co establecido no artigo 11 de dita lei.

### 6.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR.

#### **No caso de persoa física:**

- DNI/NIE.
- Alta no Censo de Obrigados Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas, no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Xustificante pago de autónomos correspondente ao último mes.
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

#### **No caso de sociedade, comunidade de bens ou entidades:**

- CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Escritura/contrato de constitución.
- DNI/NIE e poder da persoa administradora.
- Xustificante pago de autónomos correspondente ao último mes.
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

Tordoia, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2020

Asdo.

Sr. Alcalde do Concello de Tordoia (A Coruña)

Tordoia, 18 de xuño de 2020

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares